

LINGUA GALEGA 6º

Ola nenos e nenas, empezamos a traballar Lingua.

1. O primeiro que imos facer é seguir correxindo o repaso de Lingua Galega. Hoxe tócanos correxir o apartado de Ortografía.
2. Despois imos empezar a traballar o último apartado do tema tres:

➤ **Literatura: O xénero lírico**

✓ **O noso autor: Celso Emilio Ferreiro**

➤ ORGANIZÁMONOS PARA TRABALLAR:

1. Lemos detidamente o repaso do XÉNERO LÍRICO, xa está traballado en Lengua Castelá.
2. Empezamos a facer os exercicios no caderno, para iso teremos que aplicar o lido.




➤ **IMOS REPASAR:**

❖ **Lembramos que é o XÉNERO LÍRICO:**

- ✓ Textos que se escriben en verso ou prosa poética.
- ✓ Expresan sentimentos, estados de ánimo e emocións do autor.
- ✓ Posúe rima, ritmo, musicalidad e diversidade de temas.
- ✓ Usa unha linguaxe na que predominan recursos literarios: metáforas, comparacións, personificacións...

❖ **A métrica e a rima:**

A métrica: ao medir as sílabas dun verso cómpre ter en conta o seguinte:

- Se a **palabra final é aguda** ou **monosílaba**, cóntase **unha sílaba máis**.
- Se a **última palabra é esdrúxula**, cóntase **unha sílaba menos**.
- **A sinalefa** : se unha palabra remata en vogal e a seguinte comeza por vogal ou *h*, *esas dúas sílabas cóntanse como unha soa*.

A rima: indícase con **letras minúsculas** se os versos teñen **8 ou menos** sílabas, e con **maiúsculas** se teñen **máis de 8**. Os versos que non teñen rima márcanse cunha raia:

A quí vén o ma io → 6 –

de flo res cu ber to... → 6 a

pu xé ron se á por ta → 6 –

can tán do me os ne nos → 6 a

Lembra: Se se **repiten só as vogais**, a rima é **asonante**. Cando se **repiten vogais e consoantes é consoante**.

❖ As estrófas:

Estas son algunhas clases de estrofas:

- ✓ **Pareado:** dous versos que riman entre si **a a**.
- ✓ **Tercetilla:** tres versos, con rima **a – a** xeralmente consonante.
- ✓ **Cuarteta:** catro versos, con rima **a b a b** xeralmente consonante.
- ✓ **Copla:** catro versos con rima **– a – a** asonante.

❖ Algúns recursos poéticos:

- ✓ **A repetición** é un recurso poético moi utilizado e serve para destacar unha idea. Se está ao principio dos versos, chámase anáfora.
- ✓ **A personificación** consiste en atribuírle a un ser inanimado ou a un animal calidades propias dos seres humanos.

➤ EMPEZAMOS A TRABALLAR NA LIBRETA:

❖ Lembra os pasos que temos que seguir para analizar un poema:

1. Dividimos os versos en sílabas.
2. Comprobamos se hai algunha sinalefa.
3. Fixámonos na última palabra de cada verso: se é aguda ou monosílaba súmase unha sílaba, se é esdrúxula réstase.
4. Agora temos que fixarnos na sílaba tónica da última palabra de cada verso, e nas letras que se repiten a partir dela para comprobar a rima.

•Copia o poema, mide as sílabas destes versos e indica a súa rima:

A Rosalía

Do mar pola **orela**
mireina **pasar**,
na *frente unha **estrela**,
no bico un **cantar**.

A musa dos **pobos**
que vin pasar **eu**,
comesta dos **lobos**,
comesta se **veu**.

Manuel Curros Enríquez: *Poesía galega completa ed. Galaxia (fragmento adapt.)*.

Cantas sílabas ten cada verso?

Sumaches ou restaches algunha?



En que versos hai sinalefa?.....

Que palabras uniches?

•Copia e mide as sílabas destes versos, segue todos os pasos:

Medo das sombras,
sombras sen cara,
cara de lobo
que ronda a casa.

Pepe Cáccamo



A torre, serena.
No alto a campá,
cantando por veces
o seu alalá.

Ana M.^a Fernández

✓ Lembra facer as sinalefas que cumpra

✓ Que tipo de rima se produce?